

Contra o patriotismo

Marcos Pérez Pena

O señor K. non cría necesario vivir nun país determinado. Decía: «Podo morrer de fame en calquera lugar». Pero un día en que pasaba por unha cidade ocupada polo inimigo do país en que vivía, atopou un oficial que o obrigou a baixar da beirarrúa. Despois de facer o que se lle ordenaba, o señor K. decatouse de que estaba furioso co oficial e non só con el, senón que o estaba moito máis co país ao que pertencía aquel home, e mesmo desexaba que un terremoto o borrara da superficie da Terra. «Por que razón —preguntou o señor K.— me convertín por un instante nun nacionalista? Porque atopei un nacionalista. Por iso é preciso extirpar a estupidez, pois torna estúpidos a quen se cruza con ela»

(Bertolt Brecht, *Historias do señor Keuner*)

Subindo de San Pedro cara á Almaciga, en Compostela, hai unha pintada que di: *As paredes calarán cando Galiza sexa libre*. O nacionalismo revela a súa verdade: o silencio e a subordinación da loita social á construción da nación. Que nación? Que modelo de sociedade? A partir de que bloque histórico? A diferenza dos nacionalistas, os marxistas cremos que a independencia nacional non é suficiente para resolver os problemas económicos, sociais, ecolóxicos ou polí-

ticos dos cidadáns. O nacionalismo sostén por unha banda políticas identitarias tinxidas de falso progresismo ao tempo que mantén intacto o *status quo* da dominación capitalista mediante un simulacro. O simulacro consiste no enfrontamento que aparenta ter contra o universal desterritorializador do capital, cando en realidade o nacionalismo supón un desencontro interno entre os traballadores do mundo, segmentados por comunidades lingüísticas ou raciais, e agrupados en novos consensos xunto cos seus connacionais burgueses e propietarios. Como denuncia Žižek, a enerxía crítica atopa «unha válvula de escape na pelexa por diferenzas culturais que deixan intacta a homoxeneidade básica do sistema capitalista mundial»¹. O nacionalismo dificulta o antagonismo radical, que «emerxe só a medida que a sociedade é aínda percibida como totalidade»². Na sociedade posmoderna en que florecen as identidades de todo tipo, «a resposta da teoría materialista é demostrar como este territorio en común repousa en determinadas exclusións e está sostido por unha invisible creba antagónica»³. Para Daniel Bensaïd, «a diferenza conflitual non se dissolve na diversidade ambivalente» e mesmo aceptando a tese de que o proletariado se disolve na alienación xeneralizada, trataríase «de librar unha batalla de clase non xa no nome dunha clase senón da humanidade»⁴. Nesta batalla as loitas nacionais xogan no mellor dos

¹ Žižek, Slavoj: “Multiculturalismo o la lógica cultural del capitalismo multinacional” en Jameson, Fredric e Žižek, Slavoj. *Estudios Culturales. Reflexiones sobre el multiculturalismo*. Buenos Aires: Paidós, 1998.

² Ibidem.

³ Ibidem.

⁴ Bensaïd, Daniel. *Les irréductibles. Théorèmes de la résistance à l'air du temps*. París: Textuel, 2001.

casos un papel accesorio, cando non funcionan como elemento de desorientación das forzas sociais. Como escribiu Antonio Muñoz Lo-
rente «unha das peores cousas que lle puideron ocorrer á resistencia
contra o capitalismo e, consecuentemente, a mellor das situacións
para o capital e os seus axentes culturais é a ecuación que identifica
a loita pola reivindicación dos ‘dereitos dos pobos’ coa resistencia ao
fascismo»⁵.

Os obreiros non teñen patria⁶. O marxismo clásico pechou ra-
pidamente o debate sobre o papel da ‘cuestión nacional’ na loita
de clases: o nacionalismo é unha ideoloxía burguesa e o seu poder
sobre as masas populares é unha das formas principais que adopta
a dominación ideolóxica da burguesía nas sociedades capitalistas.
Fronte ao nacionalismo burgués, internacionalismo proletario, unha
aposta histórica, «unha aposta sobre a racionalidade do pobo traba-
llador, sobre a capacidade das masas populares para entenderen os
seus intereses históricos obxectivos»⁷. O marxismo defende o dereito
á libre determinación de todos os pobos baixo as premisas de que
unha nación que oprime a outra non pode ser libre e de que a libera-
ción da nación oprimida é unha condición *sine qua non* para a revo-
lución socialista na nación dominante e para a súa necesaria unidade
co proletariado das nacións asoballadas. Esta defensa constitúe para
o marxismo unha cuestión utilitaria e táctica, un instrumento para

⁵ <http://www.rebellion.org/noticia.php?id=18764&titular=nacionalismos->

⁶ No *Manifiesto Comunista* lemos: «Os obreiros non teñen patria. Non se lles pode devolver o que non teñen. Dado que o proletariado debe comezar por conquistar o poder político, erixirse en clase nacional, constituírse el mesmo en nación, remanece nacional el mesmo, aínda que de ningún xeito no sentido burgués da palabra.»

⁷ Lowy, Michael: *Patria ou terra nai?: Ensaíos sobre a cuestión nacional*. Santiago: Laiovento, 1999

o éxito da loita de clases, a contradición principal. Porén, o desenvolvemento das grandes potencias e do imperialismo fai ilusoria a liberdade real dos pequenos pobos no sistema capitalista, como xa anticipara Rosa Luxemburgo ou o propio Bensaïd: «Dentro desta nova configuración do imperialismo mundializado, a subordinación directa dos territorios amósase secundaria con respecto ao control dos mercados»⁸.

En Galicia a formulación hexemónica do nacionalismo, que se di de esquerdas, creu achar no populismo unha síntese entre marxismo e identificación nacional. Este populismo de corte peronista realizou nos últimos trinta anos unha análise errada da sociedade na que o patriotismo xoga un papel vertebrador por riba das ideoloxías. Neste tempo foi ademais incapaz de construír unha imaxe de Galicia dende a Galicia real, un país que xa non é maioritariamente labrego e rural; o nacionalismo analizou a Galicia como sociedade terceiromundista, pouco complexa desde un punto de vista de clases sociais en conflito, o que fai imposibles solucións socialistas, propias de comunidades maduras e progresivas. O nacionalismo galego aspira a construírse sobre unha base social ampla e interclasista, a partir dunha visión esencialista do país, ligada á tradición e á terra, e con orixe na Xeración Nós e no imaxinario difundido por Otero Pedrayo. Suso de Toro advertía en 1991 a preeminencia no nacionalismo (tanto de esquerdas —BNG— coma de dereitas —CG, PNG—) dunha liña que «vén da man dos homes do interior, de Ourense, Risco ou Pedrayo. Que proceden da fidalguía, dos señores da terra. Este sería un galeguismo moi conservador e moi culturalista. E creo que a liña que se continuou foi esta última. Vexo no galeguismo dos partidos creados nos anos 60

⁸ Ibidem.

a sombra de Otero Pedrayo. Esa idea literaria da fidalguía como clase social. E sobre todo como elite cultural. Esta exaltación do individualismo narcisista, fidalga ou pequenoburguesa»⁹. Este nacionalismo populista desconfía da sociedade urbana, considerándoa puro axente desgaleguizador disolvente da singularidade nacional e carece dun modelo social, limitándose a aceptar ou rexeitar os acontecementos que a dereita ou a propia realidade impoñen. A identificación nun mesmo bloque de todos os partidos españois presentes en Galicia, dende a extrema dereita á extrema esquerda, é unha clara manifestación deste populismo pequenoburgués que ignora a división da sociedade en clases. A presenza do Estado Español é aldraxante, polo que resulta comprensible que a toma de conciencia nacional xere nun primeiro momento a tendencia a concentrar en *España*, como instancia allea e agresiva, a orixe de todas as eivas. Porén, esta posición só favorece a supervivencia dunha visión sacralizante da nación, dun patriotismo carente de capacidade transformadora e que gusta de respirar pola ferida. Deste xeito, impídese a conformación de auténticas alianzas de esquerda, ao tempo que se xustifican as eivas da sociedade galega cun paternalismo vergonzoso que vitimiza ao pobo, quíttalle responsabilidade e diminúeo, inutilízao para a auténtica rebelión democrática.

Nos anos sesenta o nacionalismo galego renaceu como esquerda e agromou por razóns obxectivas que levaban á cidadanía a rexeitar o control político das institucións e da burguesía centralistas: o desenvolvemento franquista provocara o enriquecemento dunha minoría a costa de grandes prexuízos para traballadores e medio natural. Ao longo da transición experimentou un importante crece-

⁹ De Toro, Suso. *Camilo Nogueira e outras voces*. Vigo: Xerais, 1991.

mento, configurándose por vez primeira como un movemento de masas. Foi especialmente relevante a actividade desenvolvida pola ANPG, un movemento assembleario, aberto e plural nun comezo, que nuns poucos meses chegou a ter varios milleiros de militantes. Porén, o sectarismo da UPG desbaldiu todo ese esforzo, teimando en controlar todas as organizacións políticas e sociais que se movían no espazo da esquerda e do nacionalismo. A partir de 1989 o grande éxito do BNG consistiu na capacidade de xestionar case en solitario e facendo unha enorme presión toda a forza de mobilización correspondente á lóxica de defensa ou formación de identidades. O Bloque tivo durante moito tempo a capacidade de decidir o grao de lexitimidade nacionalista, un fenomenal poder simbólico que de novo desperdiçou cunha usurpación sectaria. O nacionalismo populista caracterizouse en todo momento pola penalización do debate, tendendo a suprimir aquelas posicións que se afastan da oficial, sobre todo cando estas adquiren un poder que fai perigar o poder da casta dominante no aparato. A débil tradición democrática e de análise marxista e as necesidades derivadas da construción dun espazo político propio nun contexto de dominio incontestado do PCE explican o sectarismo que acompañou esta aparición do nacionalismo como movemento de masas, así como a pobreza da súa elaboración teórica, que os fieis aceptaban como verdade revelada grazas ao carácter milenarista do discurso e á distancia entre a letra deste e o estado de conciencia social.

O compromiso sitúase sempre no longo prazo, e calquera revés inmediato é asimilado como unha continxencia que non negaba o conxunto do proceso especificado pola teoría. A presunta «autenticidade» do movemento leva ao desprezo pola actividade teórica e a confrontación ideolóxica, e a fe no presunto nivel de conciencia nacionalista e anticapitalista do pobo dispensa ao movemento nacional-

popular de intentar unha loita pola hexemonía ideolóxica e cultural. Antón Baamonde acha nos discursos do nacionalismo o influxo dunha derrota espiritual: «En vez de optar pola Galicia real, queren habitarse pazos imaxinarios. Non se desexa transformar o país, só se quere mostrar, con indicíbel soberbia a propia excelencia moral que será tanto máis pura canto menos teña que ver con procesos reais»¹⁰. O *Alba de gloria* de Castelao é un modelo desa inclinación efectista: «A súa homoxeneización do pasado, a posta en xogo da ‘santa compañía dos inmortais’ coa atribución historicista dun sentido ineluctable á historia de Galicia, incluso a pretensión sublimatoria da derrota (...) facilitan unha lectura en último termo escapista e compensatoria, consoladora das frustracións presentes en función dun devir mitoloxizado». O paradoxo consiste, para Baamonde, en que «con programas maximalistas e actitudes inverosímiles», alimentábase a idea de que «calquera transformación do país era, en realidade, imposible e de que, por tanto, toda a tarefa consistía en sinalar a dirección que debería seguirse dando por sentado que era inviable».

O nacionalismo galego non posúe potencial revolucionario ningún, camiña cara a unha maior desideoloxización acentuando o seu carácter conformista e pequenoburgués. O patriotismo, refuxio recorrente dos canallas, xorde en todo momento como xustificador das eivas da sociedade galega e das eivas propias, e impide a conformación de auténticas alianzas de esquerda. É posible que a curto prazo os ataques directos contra o capitalismo obteñan escasos resultados e só sirvan para esgotar esforzos. O propio Žižek afirmou que «oca-

¹⁰ Baamonde, Antón: *Catro ensaios sobre a esquerda nacionalista*. Santiago: Sotelo Blanco, 1990.

pitalismo é indestrutible»¹¹. Se cadra, o camiño é o debilitamento das estruturas ideolóxicas que sosteñen a hexemonía económica do sistema, por exemplo a relixión. Ou o nacionalismo. Somos os galegos os que debemos derrotar o noso propio nacionalismo e construír un novo discurso sobre a identidade. O profesor Carlos Taibo afirmou nunha entrevista publicada en *Vieiros* que «A ausencia dunha burguesía galega é unha vantaxe. Non hai que creala»¹². Marx auguraba a fin dos conflitos nacionais aparelada á revolución social. Se cadra, o camiño é inverso e a supresión do nacionalismo, das súas estruturas e símbolos, é unha tarefa previa e imprescindible para o triunfo da clase traballadora.

¹¹ Žižek, Slavoj. "Resistance is surrender: What to do about Capitalism" en *London Review of Books*, vol. 29, nº 22, 2007.

¹² <http://www.vieiros.com/nova/70723/a-ausencia-dunha-burguesia-galega-e-unha-vantaxe-non-hai-que-creala>